ÍNDICE

CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

Cláusula 1ª Obxecto do prego páx. 2
Cláusula 2ª Obxecto do contrato páx. 2
Cláusula 3ª Réxime xurídico páx. 3
Cláusula 4ª Necesidades públicas a satisfacer mediante o contrato páx.3
Cláusula 5ª Órgano de contratación páx. 3
Cláusula 6ª Prazo de execución e lugar de entrega dos bens páx. 4
Cláusula 7ª Tipo de licitación páx. 4
Cláusula 8ª Financiamento do contrato páx. 4
Cláusula 9ª Procedemento e fora de adxudicación do contrato páx. 5
Cláusula 10ª Criterios de adxudicación páx. 5
Cláusula 11ª Requisitos dos licitadores páx. 5
Cláusula 12ª Garantía definitiva páx. 6
Cláusula 13ª Mesa de contratación páx. 6
Cláusula 14ª Presentación de proposicións páx. 7
Cláusula 15ª Apertura e cualificación da documentación páx.9
Cláusula 16ª Adxudicación do contrato páx. 10
Cláusula 17ª Formalización do contrato páx. 12
Cláusula 18ª Execución do contrato páx. 12
Cláusula 19ª Modificaión do contrato páx. 13
Cláusula 20ª Suspensión do contrato páx. 14
Cláusula 21ª Resolución e extinción do contrato páx. 14
Cláusula 22ª Dereitos do contratista páx. 15
Cláusula 23ª Revisión de prezos páx. 15
Cláusula 24ª Obrigas do contratista páx. 15
Cláusula 25ª Extinción do contrato páx. 17
Cláusula 26ª Prerrogativas e dereitos do Órgano de contratación páx. 17

CLÁUSULAS TÉCNICAS

I. Obxecto do contrato páx. 18
II. Lugar e prazo de entrega páx. 19
III. Control de calidade páx. 20
IV. Transporte páx. 20
V. Horario e seguridade na descarga páx. 21
VI. Entrega da subministración páx. 21

ANEXO I. Modelo de proposición económica páx. 22

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS QUÍMICOS NECESARIOS PARA O MANTENEMENTO DAS AUGAS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE.

Cláusula 1ª. Obxecto do prego. O presente prego rexerá a adxudicación, formalización e efectos do contrato de subministración definido na cláusula 2ª.

Cláusula 2ª. Obxecto do contrato. O contrato rexido por este prego de cláusulas administrativa particulares ten por obxecto a subministración dos produtos químicos necesarios para manter en condicións óptimas para o baño a auga das piscinas municipais dependentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense, e corresponde ao código CPV 24312200-6 hipocloritos e cloratos, da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento da CE 213/2008 do 28 de novembro.
Estímase globalmente o consumo anual seguinte:

-Hipoclorito sódico: 31.250 kg
-Antialgas: 360 l
-Floculante: 380 l
-Corrector de PH 3.584 kg
-Sal mariña: 3.000 kg

Estas cantidades terán carácter indicativo, podendo variar a cantidade final total a subministrar en función das necesidades reais, sen que isto supoña alteración algunha nas restantes condicións do contrato.

Cláusula 3ª. Réxime xurídico. O contrato ao que se refire este prego ten natureza administrativa e rexerase, sucesiva e supletoriamente, polas seguintes fontes: RDLVO 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; RD 817/2009, de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007; Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro; Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas no que lle sexa de aplicación; normas de dereito administrativo distintas das anteriores e que resulten de aplicación; normas de dereito privado no mesmo caso; prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, ou das instruccións, pregos, documentos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que poidan ser de aplicación en execución do pactado, non eximirá ao contratista da súa obriga de cumprimento.

Cláusula 4ª. Necesidades públicas a satisfacer mediante o contrato. A adxudicación do contrato de subministración leva a obriga do subministrador de realizar todas e cada unha das entregas e, no seu caso, servizos adicionais, para levar a bo termo a necesidade de manter as augas das piscinas en correcto estado para o uso dos bañistas.

Cláusula 5ª. Órgano de contratación.- O órgano de contratación é o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, con domicilio na Rúa Pardo de Cela, 2. 32003 Ourense. Teléfono 988370539. Fax 988370727.

O órgano ten a facultade de adxudicar o contrato obxecto deste prego e ostenta a prerrogativa de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, e as demais que lle

atribúen as normas aplicables. Os acordos que dite serán inmediatamente executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a xurisdición competente.

Cláusula 6ª. Prazo de execución e lugar de entrega dos bens. O prazo de execución total da subministración será de 2 anos que comezará desde a data de sinatura do contrato. De conformidade co disposto no artigo 23.2 TRLCSP o contrato poderá ser obxecto de prórroga por outros 2 anos de duración, por mutuo acordo expreso das partes, manifestado antes do vencemento do contrato, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder dos catro anos.

Cláusula 7ª. Tipo de licitación. A licitación non está suxeita a tipo. Os licitadores deberán ofertar o desconto que se comprometen a efectuar sobre os prezos unitarios establecidos que se apliquen, IVE excluído. No prezo ofertado consideraranse incluídos os gastos que puidese orixinar a subministración, transporte, gastos materiais, formularios, e cantos outros se produzan ata entrega final dos produtos químicos.

Estímase un orzamento base anual de 18.136 €, IVE excluído, con relación aos consumos previstos e prezos unitarios do parágrafo seguinte.

Os prezos unitarios, IVE excluído, fíxanse en :

- HIPOCLORITO SÓDICO: 0,32 €/kg
- ANTIALGAS: 1,50 €/l
- FLOCULANTE: 1,50 €/l
- CORRECTOR PH: 1,50 €/kg
- SAL MARIÑA: 0,55 €/kg

Cláusula 8ª. Financiamento do contrato. As obrigas derivadas deste contrato e o seu financiamento faranse con cargo á partida orzamentaria 342.221.99 para o ano 2013.

A adxudicación do presente contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo no exercicio orzamentario 2013.

A execución do contrato en exercicios futuros quedará condicionada igualmente á existencia de crédito axeitado e suficiente.

Cláusula 9ª. Procedemento e forma de adxudicación do contrato. A tramitación do expediente para a adxudicación deste contrato é a ordinaria regulada nos artigos 109 a 111 do TRLCSP, adxudicándose a través do procedemento aberto á oferta mais vantaxosa que se determinará tomando en consideración varios criterios nos termos previdos no artigo 150 TRLCSP.

Cláusula 10ª. Criterios de adxudicación. De conformidade cos artigos 150 e 152.2 TRLCSP, os criterios que servirán de base para a adxudicación do contrato serán os seguintes:

- mellor oferta económica (maior baixa-prezo de referencia): ata 75 puntos
- melloras na concentración dos produtos: ata 25 puntos

A fórmula que se usará para calcular as melloras na concentración será esta:

15*concentración ofertada/mellor concentración ofertada

Cláusula 11ª. Requisitos dos licitadores. Poderán concorrer a esta licitación as persoas físicas ou xurídicas con plena capacidade xurídica e de obrar, que non se encontren incursas en prohibición para contratar consonte o artigo 60 TRLCSP, e acrediten a súa solvencia. As

persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución e/ou modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
Os licitadores poderán actual por si ou por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non se atopen en causa de prohibición ou incompatibilidade.

A actividade dos licitadores deberá ter relación directa co obxecto do contrato, e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais propios e suficientes para a debida execución do contrato.

Cláusula 12ª. Garantía definitiva. O adxudicatario virá obrigado a constituír unha garantía definitiva de 1.813,60 €, sendo esta cantidade o 5% do presuposto base de licitación, IVE excluído. A constitución desta garantía deberá ser acreditada polo adxudicatario no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte á recepción do requirimento, e se constituirá de conformidade co preceptuado no capítulo I Título IV Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 96.1 da citada Lei.

A garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 100 TRLCSP.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades a exercitar sobre a garantía, ditarase acordo de devolución desta ou cancelación do aval.

Cláusula 13ª. Mesa de contratación. As ofertas serán valoradas pola Mesa de Contratación que estará constituída do seguinte modo:

-Presidencia: Presidente do CMD

-Vogais:

- Un membro do Consello Reitor do CMD
- Secretario do CMD
- Interventor Xeral Municipal

o Xerente do CMD

-Secretaría: funcionario asignado ao CMD

No caso de que algún dos membros da Mesa non puidese asistir ás reunións desta, serán substituídos:

-Presidencia: polo membro do Consello Reitor que a tal efecto se designe

-Vogais:

o Membro do Consello Reitor do CMD: por outro membro do mesmo órgano

o Secretario do CMD: por funcionario do Concello de Ourense

o Interventor Xeral Municipal: por funcionario técnico da Intervención Xeral

o Xerente: polo Administrador do CMD

-Secretaría: por funcionario asignado ao CMD

Cláusula 14ª. Presentación de proposicións. As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do CMD, dentro do prazo de quince días seguintes á publicación do anuncio no BOP de Ourense, nas horas sinaladas para o despacho ao público, e irán dirixidas ao Presidente do CMD en sobre pechado no que figurará a inscrición **PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN PARA A SUBSMINISTRACIÓN DOS PRODUTOS QUÍMICOS NECESARIOS PARA MANTER O AUGA DAS PISCINAS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES EN CONDICIÓNS DE IDONEIDADE PARA O BAÑO**, e irá asinado polo licitador. Dentro deste sobre xeral incluiranse tres sobres pechados e todos eles asinados polo licitador, coa seguinte documentación:

SOBRE NÚMERO 1. Levará por título PROPOSICIÓN ECONÓMICA:
Conterá exclusivamente a proposición económica, de acordo co modelo do anexo das presentes cláusulas.
A cantidade expresarase en letra e número, escrita en forma clara.

SOBRE NÚMERO 2. Levará o título DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:

Incluiranse os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do DNI da persoa que presente a proposición
- Escrito sinalando nome, domicilio, teléfono e número de fax
- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se tratase de sociedade ou persoa xurídica, poder bastante ao efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen as proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, acreditarase mediante certificación do Rexistro Mercantil, a súa existencia legal, capital e obxecto social, ou mediante as escrituras de constitución e/ou modificación que acrediten estes extremos debidamente inscritas no Rexistro Mercantil.
- Declaración responsable do licitador na que faga constar non estar incurso, el ou os administradores -de tratarse dunha persoa xurídica-, en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración Pública previda nos artigos 60 e 61 TRLCSP
- Alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) de ser o caso, referida ao exercicio corrente ou último recibo
- Documentación acreditativa de dispoñer dos medios humanos e materiais para a realización do transporte de produtos químicos obxecto deste contrato, de acordo coa normativa vixente, e en especial ás de transporte de mercadorías perigosas e prevención de riscos.
- Solvencia económica e financeira do empresario que poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:
    - o Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
    - o Declaración relativa á cifra de negocios global, e das subministracións realizados pola empresa nos últimos tres anos
- Solvencia técnica acreditada por un ou varios dos seguintes medios:
    - o Relación das principais subministracións efectuadas durante os últimos tres anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado

- Descrición do equipo técnico
- Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas integradas na empresa, participantes no contrato, especialmente daqueles encargados do control de calidade, así como, se é o caso, grao de estabilidade no emprego do persoal integrado na empresa
- Certificacións establecidas polos Institutos ous servizos oficiais homologados encargados do control de calidade e que acrediten a conformidade de artigos ben identificados con referencia a certas especificacións ou normas.

-Declaración responsable de acharse ao corrente do cumprimento, á data da presentación da súa proposición das seguintes obrigas:

- Tributarias coa Facenda Pública
- Coa Seguridade Social
- Tributarias co Concello de Ourense

SOBRE NÚMERO 3. Levará o título REFERENCIAS TÉCNICAS:
O licitador incluirá necesariamente as proposicións técnicas e homologacións oficiais dos produtos ofertados, que xustifiquen a súa idoneidade no tratamento de augas de piscinas e finalidade de uso, grado e porcentaxe de concentración dos mesmos de conformidade coas claúsulas técnicas do presente prego.
Así mesmo, poderá incluír a documentación que considere conveniente para o mellor entendemento do contido da súa proposta, coñecemento xustificado dos medios dispoñibles, rede de distribución e infraestruturas.

Cláusula 15ª. Apertura e cualificación da documentación.
A licitación axustarase ás normas establecidas na lexislación vixente.
A mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxecto do contrato.
A mesa de contratación, cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre núm. 2. Se observase

defectos materiais na documentación presentada comunicarao aos interesados, e concederá un prazo de 3 días para que o licitador emende o erro.

O acto de apertura de proposicións dos sobres números 1 e 3 terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa. Este acto será público e a determinación do día e hora realizarase mediante anuncio no PERFIL DO CONTRATANTE (www.ourense.es).

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que resulte inviable ou supoña baixa desproporcionada ou temeraria determinada por aplicación dos artigos 85 e 86 do RD 1098/2001 de Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, será rexeitada pola Mesa.
A Mesa, unha vez cualificada a documentación e tralo acto público de apertura de proposición, elevará a acta da sesión e a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación que efectuará a adxudicación do contrato.

Cláusula 16ª. Adxudicación do contrato.
A adxudicación do contrato recaerá no prazo dos quince días seguintes aos da apertura das proposicións.

Dentro dos dez días hábiles seguintes ao requirimento, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

- acreditar ante o Órgano de contratación a constitución da garantía definitiva

- certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ao corrente das obrigas tributarias comprensivas dos seguintes extremos:
    - o haber presentado as declaracións ou documentos de ingreso do IRPF ou IS, así como as correspondentes declaracións de pagamentos fraccionados, a conta e retencións que en cada caso procedan;
    - o ter presentado as declaracións periódicas por IVE así como a declaración do resumo anual;
    - o non existir co Estado nin co Concello de Ourense débeda algunha de natureza tributaria en período executivo;
- certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, comprensivas dos seguintes extremos:
    - o estar inscrita no sistema de Seguridade Social
    - o ter afiliado e dado de alta aos seus traballadores
    - o ter presentado os documentos de cotizacións correspondentes
    - o estar ao corrente no pagamento das cotas ou doutras débedas coa Seguridade Social
- nomeamento do Conselleiro de seguridade para o transporte, carga e descarga de mercadorías perigosas
- copia de póliza de seguro de responsabilidade civil que teña subscrita a empresa, sempre que cubra a actividade contratada ou póliza de seguro independente para esta actividade
- designación da persoa debidamente apoderada ante o CMD para todos os fins e efectos do contrato que será a encargada de resolver as cuestións relacionadas coa prestación do contrato e as que orixinen a práctica diaria do subministro, debendo constar, obrigatoriamente, o nome, domicilio fiscal e o número de teléfono móbil.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entendarese que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste

caso a recabar a mesma documentación do licitador seguintes, pola orde no que quedaran clasificadas as ofertas.

O contrato será adxudicado, mediante resolución motivada, dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, e será notificada aos licitadores e publicada no perfil do contrante, conforme dispón o art. 151 TRLCSP

Cláusula 17ª. Formalización do contrato. Dentro dos cinco días seguintes á adxudicación, o contrato será formalizado en documento administrativo, que será título suficiente para acceder a calquera rexistro público. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, sendo do seu cargo os gastos que correspondan. Ao documento de formalización uniranse o prego de cláusulas administrativas e o de prescricións técnicas.

A non formalización do contrato dentro de prazo sinalado por causas imputables ao contratista permitirá á Administración acordar a resolución do contrato, decretando neste caso a perda da garantía definitiva, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer o contratista.

Cláusula 18ª. Execución do contrato. O contratista estará obrigado á entrega dos bens obxecto do subministro no tempo e lugar fixados no contrato e de conformidade coas prescricións técnicas e cláusulas administrativas que rexen o contrato e a cumprir o contrato con suxeición aos prazos establecidos no prego de prescricións técnicas.

A execución realizarase a risco e ventura do contratista de acordo cos límites e responsabilidades establecidas no artigo 215 TRLCSP.

O contratista será responsable da calidade técnica das subministracións entregados, así como das consecuencias que se deduzan para a

Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

A dirección e supervisión do subministro corresponde ao responsable do contrato que designe o órgano de contratación, sendo as súas funcións a dirección, control e coordinación do subministro. No caso de que se estimasen incumpridas as prescricións técnicas do contrato, o responsable deste dará por escrito ao contratista instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados, facendo constar por escrito o prazo para corrixilas e as observacións que se estimen oportunas.

Cando o contratista incorrera en demora respecto do cumprimento dos prazos, total ou parciais, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades establecidas no artigo 212 LCSP. A aplicación e o pagamento destas penalidades non exclúe o dereito que a Administración poida ter polos danos e prexuízos ocasionados con motivo do retraso imputable ao contratista.

O adxudicatario non poderá ceder, traspasar ou subcontratar o obxecto do subministro nin total nin parcialmente. O seu incumprimento constituirá causa suficiente para a resolución do contrato.

Cláusula 19ª. Modificación do contrato. Acordada a adxudicación definitiva do contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións se causas imprevistas as esixen para poder satisfacer as necesidades recollidas na cláusula 4ª deste prego, sempre que non afecten ás condicións esenciais do contrato.

Non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poida ser integrado no proxecto inicial mediante unha corrección deste ou que consistan na realización dunha prestación

susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada.

Cando a consecuencia das modificacións se produza aumento, redución ou supresión de unidades de bens que integran o subministro, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista sempre que a variación non supere o 20% do prezo primitivo do contrato, sen que teña dereito algún en caso de supresión ou redución de unidades a reclamar indemnizacións por estas causas, sen prexuízo do establecido no artigo 299, c) da LCSP.

Cláusula 20ª. Suspensión do contrato. A Administración poderá acordar por razóns de interese público a suspensión da execución do contrato. Igualmente procederá a suspensión cando se dese a circunstancia sinalada no artigo 216.5 TRLCSP. Os efectos da suspensión do contrato rexeranse polo disposto no artigo 220 do TRLCSP e concordante do Regulamento xeral da LCAP.

Cláusula 21ª. Resolución e extinción do contrato. Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 223 e 299 TRLCSP, así como as seguintes:

-a perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración

-o incumprimento do disposto neste prego sobre a subcontratación

-a obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración

-o incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas así nos pregos ou no contrato.

A resolución do contrato será acordada polo Órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, mediante procedemento tramitado regulamentariamente polo artigo 109 RXLCAP.

Na resolución por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía, debendo ademais indemnizar á Administración dos danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

Cláusula 22ª. Dereitos do contratista. Conforme establece o artigo 293 TRLCSP o contratista terá dereito ao abono do prezo dos bens efectivamente entregados e formalmente recibidos pola Administración. A demora no pagamento por prazo superior a sesenta días devengará ao seu favor os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro conforme dispón o artigo 216.4 TRLCSP.

O contratista percibirá o importe da subministración efectuado unha vez levada a termo a acta de conformidade de recepción, mediante a expedición de factura a nome o CMD na que conste: identificación do subministrador; número e data da factura; descrición da subministración efectuada ao que corresponde a factura; identificación da persoa do CMD ao que se lle entregaron os bens; importe total da factura, con detalle de base impoñible, tipo de IVE e importe total a cobrar.

Cláusula 23ª. Revisión de prezos. O importe do contrato revisarase transcurrido un ano desde a súa formalización e executado polo meno o 20% do seu importe. A estos efectos utilizarase como índice de referencia o IPCF do ano natural inmediato anterior a data de revisión ponderando nun máximo do 85% en aplicación do disposto no artigo 90.3 do TRLCSP. A revisión de prescios realizarase sobre o coste dos precios unitarios ofertados utilizando para isto o redondeo con dous decimais, de acordo coas normas que serviron para a conversión de pesetas a euros.

Cláusula 24ª. Obrigas do contratista. Son de conta de contratista os gastos e impostos, anuncios de calquera clase, os de formalización do contrato no caso de elevación a escritura pública, así como de cantas

licencias, autorizacións e permisos procedan en orden a executar e entregar correctamente os bens obxecto do subministro. Así mesmo virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio e toda clase de tributos, o IVE, o imposto pola realización da actividade económica e calquera outro que puidera derivarse da execución do contrato durante a súa vixencia.

Expresamente faise constar que os gastos de entrega e transporte dos bens do subministro no lugar sinalado neste prego serán de conta do contratista. Tamén virá obrigado á subscrición, ao seu cargo, das pólizas de seguro que estime convenientes o órgano de contratación.

O contratista estará obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral, de Seguridade Social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais.

O contratista será responsable de todos os danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Se os danos e prexuízos ocasionados fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis. En todo caso será de aplicación o preceptuado no artigo 214 TRLCSP.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal dos que puideran ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga

que subsistirá aínda despois da finalización do contrato, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter persoal de 13 de decembro de 1999. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o traballo.

Cláusula 25ª. Extinción do contrato. O contrato entenderase cumprido polo contratista cando, transcorrido o seu prazo de vixencia total, aquel realizara de acordo cos termos do contrato e a satisfacción da Administración a totalidade do seu obxecto.

Durante o mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato procederase á recepción dos bens obxecto do subministro.

Cláusula 26ª. Prerrogativas e dereitos do órgano de contratación. De conformidade co prevido nos artigos 210 e 211 TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados nela, o Órgano de contratación goza da prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DOS PRODUTOS QUÍMICOS NECESARIOS PARA MANTER O AUGA DAS PISCINAS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE EN CONDICIÓNS DE IDONEIDADE PARA O BAÑO

I.OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a contratación da subministración dos produtos químicos necesarios para o mantemento en condicións óptimas para o baño do auga das piscinas dependentes do CMD.

A subministración realizarase en entregas parciais, segundo a demanda.

O consumo global anual estímase aproximadamente en:

- HIPOCLORITO SÓDICO: 31,250 KG
- ANTIALGAS: 360 L
- FLOCULANTE: 380 L
- CORRECTOR DE PH: 3.584 KG
- SAL MARIÑA: 3.000 KG

Os consumos dos produtos son orientativos, polo que o CMD non ten obriga ningunha de realizar os consumos expostos. As entidades ofertantes deberán estar en condicións de poder subministrar, polo menos, as referidas cantidades.

A totalidade dos produtos deberán estar homologados para o tratamento de augas de piscina, e para a finalidade concreta que se pretende, polas autoridades sanitarias competentes e responder ás seguintes indicacións:

-HIPOCLORITO SÓDICO: con contido de cloro activo entre 140-160 gr. e cun mínimo de 12,00 % de materia activa

-ANTIALGAS: non producir escumas, exento de cloro, líquido e non modificar o PH do auga e cun mínimo de 7% de materia activa

-FLOCULANTE: con capacidade antifosfatos e cun 100% de materia activa

-CORRECTOR DE PH: cun mínimo de 25% de materia activa

-SAL MARIÑA: cun mínimo de NaCl sobre base seca do 99,00 %

Os prezos unitarios, IVE excluído, fíxanse en :

- HIPOCLORITO SÓDICO: 0,32 €/kg
- ANTIALGAS: 1,50 €/l
- FLOCULANTE: 1,50 €/l
- CORRECTOR PH: 1,50 €/kg
- SAL MARIÑA: 0,55 €/kg

I.LUGAR, PRAZO E FORMA DE ENTREGA

A demanda de produtos químicos realizarase en función das necesidades do servizo, e a súa subministración efectuarase nas instalación de tratamento de cada piscina, debendo axeitarse ás características dos mesmos.

O prazo máximo de entrega será de dous días hábiles desde que se formule a petición vía fax ou e-mail, sen descartar a subministración instantánea en situacións extraordinarias debidamente xustificadas.

O contratista facilitará as prescricións técnicas e fichas de seguridade dos produtos subministrados e estará obrigado a notificar calquera variación nas normas vixentes que afecten ao desenvolvemento do contrato.

Só se aceptará a recepción dos produtos químicos que se realice en envases que cumpran, como mínimo, os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que poidan establecerse legalmente durante a vixencia do contrato, e que tamén serán de obrigado cumprimento por parte do contratista:

a) se os produtos se subministrasen en garrafas, estas deberán estar debidamente precintadas

b) as garrafas ou recipientes deberán vir debidamente etiquetados conforme a lexislación de etiquetado de produtos químicos. Non se admitirán etiquetas fotocopiadas ou en branco e negro facilmente degradables.

III. CONTROL DE CALIDADE

O material subministrado deberá reunir as condicións de calidade ofertadas. De considerarse necesario, o CMD ordenará a realización do correspondente control de calidade mediante análises do produto subministrado en laboratorio oficialmente acreditado a tal fin, cuxo custo correrá a cargo da empresa contratista.

IV. TRANSPORTE

O transporte dos produtos que se subministrarán será a cargo do adxudicatario, quedando incluído no prezo ofertado.

O persoal e vehículos de transporte cumprirán en todo momento a normativa de transportes de mercadorías perigosas e prevención de riscos. O contratista será o único responsable dos envases e vehículos utilizados na subministración.

V. HORARIO E SEGURIDADE NA DESCARGA

A empresa adxudicataria deberá cumprir o horario que se lle indique naquelas instalacións nas que o lugar de descarga se atope nunha zona de paso para os usuarios da instalación.

A empresa adxudicataria coidará de que a descarga non produza danos, nin fugas de produto que poidan poñer en perigo a seguridade das instalacións nin dos usuarios ou traballadores das mesmas, facéndose responsable dos danos ocasionados.

VI. ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN

Por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos produtos antes da súa entrega ao lugar de destino, a empresa contratista non terá dereito a indemnización algunha.

Entenderase realizada a entrega cando os produtos sexan efectivamente recibidos nas instalacións de acordo coas condicións do contrato e en condicións óptimas para o seu uso.

En todo caso, a entrega parcial ou total, efectuarase documentada en albarán ou nota de entrega, con expresión clara da data e das cantidades servidas, que será conformada polo persoal responsable da instalación de destino da subministración
mediante a oportuna carta de recepción.

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICION ECONOMICA

D._____ con domicilio en _____ DNI núm_____, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, no seu propio nome ou en representación de_____, según se acredita debidamente, ofrece como precio para a execución do contrato de subministración de productos químicos necesarios para o mantenemento das augas das piscinasw municipais dependentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense as seguintes cantidades:

PRODUCTO	GRADO DE CONCENTRACION	PRECIO UNITARIO *
HIPOCLORITO SÓDICO		
ANTIALGAS		
FLOCULANTE		
CORRECTOR DE PH		
SAL MARIÑA		

Comprometese a cumprir as prestacións obxecto do prego, así como da lexislación vixente que resulte de apliación directa ou subsidiaria.

_____de_____de 2013

* Os prezos sin IVE